# "IMAXES Ó CARON DA AULA"

## VI MOSTRA DE PINTURA DUN COLECTIVO DE PROFESORES DE ENSINO MEDIO E UNIVERSITARIO DE GALICIA

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

PRESIDENTE DE LA DIPUTACIÓN

César J. Mera Rodríguez.

PRESIDENTE DE LA COMISIÓN DE CULTURA

Juan Francisco Martínez - Herrera Escribano.

COORDINADORES

Luis Pedro López Grillé.
María Teresa Calabuig - Prado.
María Antonia Pascual Gascón.
María Teresa G. Martínez - Pedrayo.

COORDINADOR DE LA EXPOSICIÓN

Pedro Ardá Lubeira.

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA

Ana Isabel Gago González.

COLABORADORES

María José Lago López.
Julio Vázquez Martínez.

FOTOGRAFÍA

Luis Ruíz Ruíz.

EDITA

Excma. Diputación Provincial de Pontevedra.
Sección de Cultura.

IMPRIME

Imprenta C. Peón — Pontevedra.
D. Legal PO.: 103 - 1992

# SAÚDA

*"IMAXES A CARÓN DA AULA" volve reiterar unha vez máis —e un ano máis— a súa artística mensaxe dirixida a tódolos ventos da nosa comunidade Autónoma, nunha convocatoria xa tradicional, aberta a tódolos docentes da Ensinanza Media, que na presente edición quixieron enriquece-la, ó facela extensiva tamén ós profesores da Facultade das Bellas Artes de Pontevedra, de recente creación.*

*A presente mostra cumpre xa súa sexta edición, o que, dalgunha maneira ratifica a súa consolidación e o seu claro afán de permanencia periódica no calendario cultural da provincia de Pontevedra, tanto como afirma a inequívoca e decidida vontade dos protagonistas por alcanzar plenamente os obxectivos propostos, o facer feliz realidade esta idea de ofrecer á xeral contemplación o froito do seu traballo e inspiración.*

*A Deputación Provincial, acolle compracida esta mostra singular, patrocinaa e organizaa, porque entende que ó facelo así, está axudando a "facilita-los cauces de difusión da obra artística" deste grupo que "alterna a docencia co labor de creación", obxectivo que, según propia confesión do colectivo, é o que primordialmente os move no seu novilísimo empeño.*

*Desde estas líneas, desexo testimoniarlles e facerlles patente o meu saúdo e agradecemento institucional e persoal, e facer votos para que a mostra alcance os maiores éxitos.*

CÉSAR J. MERA RODRÍGUEZ
Presidente da Deputación de Pontevedra

# PRESENTACIÓN

*O colectivo de Profesores de Bacharelato de Galicia, comprometido coa novilísima idea de abrirse á sociedade á que serve profesionalmente; movido polo afán de mostrar á xeral contemplación o froito da súa inquietude creadora, quixonos ofrecer unha mostra máis dese quefacer estético, a través dunha nova exposición que, a forza da súa periódica reiteración, foi adquirindo xa carta de natureza no panorama artístico da nosa Comunidade e especialmente na provincia de Pontevedra.*

*Pareceme importante facer notar que a mostra "IMAXES A CARÓN DA AULA" correspondente a este ano de 1992, acepta e acolle con satisfacción a un grupo de docentes, de especial cualificación, que, en definitiva, levan nos seus afáns vocacionais, idénticos empeños e análogas inquedanzas, que os do colectivo que orixinariamente prendeu no seu día a idea expositiva. Tratase da integración nel —e subseguintemente na mostra— dos Profesores da Facultade das Bellas Artes, recentemente creada na capital da provincia.*

*Como Presidente da Comisión de Cultura da Deputación de Pontevedra, que se comprace en patrocinar a exposición, eu espero que esta nova edición —a sexta— de "IMAXES A CARÓN DA AULA" constitúa un novo éxito artístico e cultural, que supere ós precedentes. E, sobre todo, fago votos para que, a través dela, ese colectivo de docentes logre a aspiración de explicar, fóra das Aulas, a maxistral lección do seu persoal sentimento artístico.*

JUAN FCO. MARTÍNEZ - HERRERA ESCRIBANO
Presidente da Comisión de Cultura

## Montserrat Gutiérrez Valerio

Instituto de Bacharelato "Saturnino Montojo". (Ferrol).

Licenciada en BB. AA. pola facultade de Valencia.

EXPOSICIÓNS REALIZADAS:

1986 "Novissimos" (1.ª edición). Ferrol. Santiago. Vigo. A Coruña.
Mulleres (Colectivo "Ferrol"). "Museo Bello Piñeiro".

1987 "Novissimos" (2.ª edición). Itinerante.

1988 Acrílicos e Debuxos (individual). Xinzo da Limia (Ourense).

1989 "Encontros Minhotos". Sala do Ateneo. Ourense.

1990 Mostra de Arte s "Xornadas Culturais Galaecia 90". Vila Pouca de Aguiar (Portugal).
Tintas e acrílicos. Café Latino. Ourense.

1991 "Feitura". Ateneo de Ferrol.

Participou tamén en varias Mostras "Imaxes a carón da aula".



MONTSERRAT GUTIÉRREZ VALERIO
Sen título .
Acrílico s/lenzo.
81 x 65 cm.

Salas de arte del
TEATRO PRINCIPAL

**DO 24 DE ABRIL Ó 6 DE MAYO**

Organiza: INSTITUTO BACHARELATO "OS ROSAIS II" VIGO

Colabora: EXCMO. CONCELLO DE PONTEVEDRA

Patrocina:
EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA